



Na granxa

A bioseguridade é

A túa responsabilidade

A PESTE PORCINA AFRICANA (PPA) é unha enfermidade vírica que afecta os porcos domésticos e xabarís de calquera idade. Non produce infección nin enfermidades nas persoas.

É unha enfermidade de declaración obrigatoria en España, polo que a súa sospeita é obrigatoria comunicarllela inmediatamente aos servizos veterinarios oficiais da Consellería do Medio Rural.

Actualmente está presente en países do centro e leste de Europa, así como en países asiáticos e africanos.

A infección nos porcos prodúcese comunmente por contacto directo con porcos ou xabarís infectados, pero tamén por contacto con vehículos, equipamento ou persoas contaminados. É posible tamén que os porcos se infecten por comer restos de carne ou produtos cárnicos de porcino ou xabaril infectados.

1

BIOSEGURIDADE ESTRUTURAL E DE MANEXO

Acceso á explotación

- Valado perimetral completo e en bo estado que impida contacto con xabarís. Portas pechadas.
- Non acceso ao interior da granxa de vehículos ou persoas alleas á explotación.
- Evitar o contacto con xabarís ou os seus produtos.
- Os vehículos con destino á granxa deben ter sido previamente **limpados e desinfectados**. Na medida do posible, **non deben acceder á explotación** e deben existir peiraos de carga/descarga. No caso que non sexa posible evitar a entrada, deberán **pasar por sistemas de limpeza e desinfección** axeitados (vao, arco ou máquina a presión).

Incorporación de animais/semi

- **Acreditación dos provedores de animais e semi**, e cumprimento dos controis sanitarios legais establecidos.
- Debes **evitar a incorporación de animais e semi con orixe nos países de risco**.
- Realizar **corentena** nun lugar o máis afastado posible dos porcos da granxa e con vixilancia permanente de signos de enfermidade nos animais incorporados.
- No caso de detectar algunha anomalía na documentación, identificación ou estado dos animais ou semi, **comunícallela aos servizos veterinarios oficiais**.

Roupa e calzado

- Os operarios da granxa deben utilizar **roupa de uso exclusivo** para o traballo na granxa.
- Limitarase ao máximo o **acceso de persoas alleas** ao interior da granxa. Cando non sexa posible, as visitas utilizarán **roupa e calzado exclusivos**. A ducha e desinfección antes da entrada é tamén unha medida eficaz de prevención.



2

SE VAS CAZAR

- Asegúrate de que a **roupa e o calzado se limpan e desinfectan axeitadamente** e non se poñen en contacto cos porcos, especialmente se estiveches cazando en países de risco.
- Non teñas contacto cos porcos nun **mínimo de 3 días** se participaches en cacerías en países de risco.



3

OUTRAS MEDIDAS

- Se visitas países de risco **non transportes produtos cárnicos frescos ou curados de porco ou xabaril**.
- **Non introduzas carnes frescas ou curadas de porcino ou xabaril** na granxa nin subministres **restos destes alimentos aos porcos**.
- **Non compartas equipamento e ferramentas** con outras explotacións. Se as compartes debes limpalas e desinfectalas antes de volverlas introducir na granxa.
- **Revisa a diario os teus animais e comunica de inmediato** aos servizos veterinarios oficiais calquera sospeita sobre a Peste Porcina Africana.

